

CONVOCATORIA ABERTA PARA RECEPCIÓN DE ARTIGOS

MAZARELOS. REVISTA DE HISTORIA E CULTURA

Mazarelos é unha publicación física e dixital que recibe artigos orixinais vencellados á Historia, ás Humanidades e ás Ciencias Sociais en galego. A revista está indexada en DIALNET, LATINDEX e MIAR.

Cada novo número agrupa un texto referido a un persoeiro, cinco artigos de investigación e divulgación, unha entrevista e un artigo de difusión dunha asociación ou agrupación cultural. Ademais, a revista pode incluír poemas, recensións de libros e reportaxes de actualidade.

Invitamos á comunidade a enviar propostas de artigos para o número 8 de Mazarelos: Revista de Historia e Cultura. Para coñecer as normas de publicación, poden acceder a través deste QR ou na nosa web mazarelos.gal

